

# Celga



# 2

## PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C2-B-II-21-LF

C2-B-II-21-DLX/TDAH

## PARTE 1 (Texto escrito)

---

A continuación, le o seguinte artigo sobre como aforrar en calefacción e non pasar frío cando chega o inverno.

Toma as notas que precises.

Na entrevista oral terás que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

### Non hai por que pasar frío!



Antes, moi poucas casas tiñan calefacción e había que conformarse coa cociña de leña ou coa estufa de gas.

Ademais, a roupa tampouco era tan abrigosa e a xente pasaba frío.

Hoxe podemos mercar roupa térmica e calzado que non deixa entrar a auga.

A roupa térmica é a que garda a temperatura do corpo para que non che entre o frío.


Agora as vivendas constrúense con moitas máis comodidades e con calefacción.

Ter a casa quente no inverno é cada vez máis caro.

## Consellos para protexernos do frío e non gastar moito diñeiro


### Calefacción

#### Consellos útiles para aforrar:



- **Manter a casa a 20 °C.** É a temperatura recomendada para estar cómodos na casa e non gastar moito diñeiro. Se pasamos de 20 graos, o gasto en calefacción aumenta un pouco.
- **Colocar reguladores de temperatura.** Os reguladores de temperatura son convenientes cando a casa está baleira durante moitas horas. Pódense programar para que a calefacción acenda a unha hora determinada.
- **Non cubrir os radiadores.** Non debemos secar a roupa enriba dos radiadores.

### Illar a vivenda



É importante colocar dobre cristal ou ventás dobres para que non escape a calor.

#### Como evitar que a calor escape:

- **Pechar as persianas cando empeza a anoitecer.** Desta forma, a calor permanece máis tempo na vivenda.  
Tamén podemos correr as cortinas pola noite.
- **Ventilar durante o tempo adecuado.** Dez minutos chegan para airear a casa.  
É mellor non facelo a primeira hora porque vai máis frío.

- **Tapar os ocos.** É conveniente tapar os ocos de debaixo das portas para que non entre o frío.
- **Aproveitar a calor doutros cuartos.** Se nunha parte da casa a temperatura é moi alta, podemos deixar as portas abertas para repartir a calor por toda a casa.

### Outras solucións

- **Colocar alfombras.** Axudan a conservar a calor na vivenda. As alfombras manteñen os pés quentes e así o frío non pasa ao corpo.
- **Tomar comidas e bebidas quentes.** As sopas e as comidas e bebidas quentes son boas contra o frío.
- **Utilizar roupa de abrigo.** Levar zapatillas de inverno, calcetíns e xerseis gordos é unha forma de aforrar calefacción.

Na cama, podemos usar roupa máis abrigosa: máis dunha manta ou edredóns e pixamas gordos.

- **Usar bolsas de auga quente.** Outra forma de aforrar é quentar a cama cunha bolsa de auga quente.

As nosas avoas quentaban as camas con bolsas de auga quente.

Texto adaptado da revista *Consumer*

## PARTE 2

<b>1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</b>	<b>1-2 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"><li>■ Como te chamas?</li><li>■ A que te dedicas?</li><li>■ De onde es? Fala un pouco sobre a túa cidade/vila/aldea...</li><li>■ Canto tempo levas estudando galego?</li><li>■ Por que o estudas?</li><li>■ Que che gusta facer no tempo libre? Que afeccións tes? (Se procede)</li><li>■ Que che gusta máis da cultura galega?</li><li>■ Que diferenzas atopas entre a cultura galega e a túa?</li></ul>	
<b>2. RESUMO</b>	<b>2 minutos aprox.</b>
<p>Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	

Fai un resumo do contido do artigo.

- Como podemos aforrar na calefacción?
- Que podemos facer para non perder calor na casa?
- Que outras solucións hai para combater o frío?

### 3. RELATO

3 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: nesta parte a persoa candidata debe relatar unha anécdota ou unha historia. A persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas e diralle á persoa candidata que faga un relato. Se non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá á persoa candidata (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.

- A.** Conta como era a casa na que vivías de pequeno e explica como quentabades a casa.
- B.** Conta unha anécdota que che pasou a ti ou a algún coñecido teu por intentar aforrar nos gastos da casa.
- C.** Conta como era a roupa e o calzado que levabas no inverno cando eras pequeno.

### 4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora:

A partir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata

**OPCIÓN A**

- Que diferenzas hai entre as casas actuais e as de antes?
- Os materiais de construción son importantes para conservar a calor? Por que?
- Que tipo de calefacción tes na casa? Gasta moito? Por que?
- Que sistema de calefacción é máis caro: radiadores eléctricos, coxina de leña ou gasóleo? Por que?
- Pensas que poderías vivir en Galicia nunha casa sen calefacción? E noutros sitios de España? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre como quentamos as casas en Galicia con respecto ao teu lugar de orixe.

**OPCIÓN B**

- Ademais da calefacción, que outros gastos hai nunha casa? (alimentación, transporte, Internet...)
- Como podemos aforrar na factura da luz?
- Que farías para aforrar auga?
- Pareceche moito o que temos que pagar por ter Internet e teléfono?
- Poderías vivir nunha casa sen Internet? E sen calefacción? Por que?
- Segues algún dos consellos que aparecen no texto para protexerte do frío? Cales? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre a maneira de aforrar nos gastos da casa en Galicia con respecto ao teu lugar de orixe.

**OPCIÓN C**

- Normalmente que roupa levas para andar pola casa no inverno? Por que? Cal che resulta máis quentiña?
- Que roupa de cama usas no inverno ? Cal che resulta máis quente? E máis práctica?
- Que roupa usas para abrigarte os días de inverno? Cal é a túa peza de abrigo preferida?
- O chan da túa casa é quente ou é frío? Usas alfombras na casa? Utilizas calcetíns ou zapatillas de la? E bolsas de auga quente?
- Que comidas quentes che gustan? Por que? E bebidas quentes? Cal é a túa preferida?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre a maneira de abrigarte en Galicia con respecto ao teu lugar de orixe.